

CRITERIOS DE ORGANIZACIÓN

Educación Infantil

- Os alumnos de 3 anos, entrarán e sairán pola porta das columnas.
- Os alumnos de 4 e 5 anos entrarán pola sala de acollida.
- As saídas de 4 anos faranse pola mesma porta de entrada.
- Os de 5 anos sairán polo patio cuberto. Pregamos as familias que unha vez recollan os seus fillos/as abandonen o patio cuberto, para non dificultar a saída dos alumnos de primaria nin as actividades extraescolares.
- Uniforme escolar (chándal, mandilón...) será de uso obrigatorio. Á venda na tenda de roupa.
- A roupa que o neno/a trae ao colexio, debe ter o nome, e levar goma naquelas prendas que vaia a quitar (abrigos, chaquetas,...).No mandilón, o nome deberase poñer na parte dianteira.
- Recomendamos tamén que cada neno traia para a aula unha gorra (co seu nome) para ir o patio.
- Para os alumnos de 3 anos será necesario unha muda para poder cambialo/a se é preciso. (Traela nunha bolsa pequena co seu nome, nunca mochila).
- Os alumnos/as que o desexen, poderán traer algo para merendar durante o recreo (poden traer bolsa, pero non mochila). As merendas deberán traer nome.
- Os nenos/as non deben traer xoguetes nin cousas de valor o colexio.
- Aqueles nenos/as que desexen celebrar o seu aniversario na aula, poderán traer, en bolsiñas, NON máis de 3 lambetadas (non obxectos). Matizamos que deben ser bolsiñas e non caixas, nin estoxos, vasos, bolsos, bonecos...
- Na aula, non se entregarán invitacións ás festas.
- Non está permitido o acceso dos pais ás aulas ou aos corredores das clases no horario escolar.
- Informar por escrito a través do neno/a ou por correo electrónico, cando o alumno/a altere a súa rutina habitual. Para avisos de última hora, facelo a través da recepción do centro.
- Atenderemos ás familias con previa cita; a solicitude farase a través do correo electrónico da titora ou na recepción colexial.
- Os nenos/as non estarán presentes nas entrevistas que a titora teña coa familia, e non poden quedar esperando en recepción.
- Os pais deben ler con atención as circulares, non será recollida ningunha fóra do prazo establecido.
- Os neno/as non poden acudir ao centro enfermos, teñen que pasar vinte e catro horas sen febre nin antipiréticos antes de asistir o colexio.
- As ausencias deben ser xustificadas polos pais.